




O VALOR SOCIAL DE FEGADACE

ADACECO | ADACE LUGO | ALENTO |
RENACER | SARELA





Informe completo




Síntese de resultados e conclusións

Informe de resultados: Monetización do valor social xerado por FEGADACE e as súas entidades membro (Exercicio 2020)

Elaborado por: Federación Galega de Dano Cerebral

Equipo asesor: Alejandro Pan Regueiro | Emilio Ruzo Sanmartín

Finalización e publicación do informe: Decembro 2021



2 > O VALOR SOCIAL DE FEGADACE > QUE É A CONTABILIDADE SOCIAL?

Un país pode ter un **PIB** moi elevado, pero que grandes bolsas da súa poboación estean en situación de pobreza, xerando unha enorme iniquidade.



A **contabilidade tradicional** permítenos cuantificar canto destinamos a salarios, mantemento, ou canto ingresamos a través dos nosos servizos e programas. Porén, non permite contabilizar o noso impacto social real. Por iso nos dotamos doutro sistema de medición.



Para coñecer o estado real das cousas, créanse **outros baremos**. Por exemplo, o Índice de Desenvolvemento Humano, que ten en conta máis factores: a saúde, a educación, os ingresos per cápita ou a esperanza de vida.




A **contabilidade social** serve para estudar as vidas das persoas coas que interactuamos, facendo algo tan sinxelo como preguntarlles que lles aporta a atención que lles proporcionan FEGADACE e as asociación de dano cerebral, e traducilo a euros.



MONETIZACIÓN DO VALOR SOCIAL



A metodoloxía que usamos denomínase '**Monetización do valor social**' e foi desenvolvida pola Universidade do País Vasco, a Deusto Business School e a agrupación de interese económico sen ánimo de lucro Geaccounting, da que forma parte FEGADACE. *Máis info no QR.*



1. Identificamos os nosos grupos de interese.



Quen son?

Todos aqueles colectivos cos que interactuamos: persoas e familias con dano cerebral, equipos profesionais, provedores, administración, universidades, voluntariado, outras asociación...

3. Monetizamos.



E que significa 'monetizar'?

1º. Asignamos unidades de medida ás nosas variables de valor.

No servizo de respiro poderían ser as horas de duración do mesmo, ou a cantidade de persoas que poden asistir.

2º. Asignamos un valor económico a esas unidades de medida, baseándonos no valor de mercado. Seguindo o exemplo do respiro, o importe dunha actividade similar no mercado libre.



2. Identificamos as variables de valor.



Que son?

Aqueles elementos que os nosos grupos de interese valoran de nós. Son eles mesmos que nos indican: a redución do custo do tratamento de rehabilitación, as campañas de sensibilización, o fomento do emprego estable, o servizo de respiro, a formación impartida ou os servizos de transporte e accesibilidade, por exemplo.

4. E, por último, calculamos.



1. Identificamos os nosos grupos de interese:



3. Monetizamos:

O mantemento deste programa cuantifícase economicamente con datos como o uso das instalacións da asociación, o salario da traballadora social ou a impresión dos formularios necesarios para solicitar axudas. **Poñamos que isto custa 100 euros.**

Porén, chega iso para medir o impacto, tamén económico, que o 'Programa de Información e Apoio' ten na vida de Mariña? Non.

2. Identificamos as variables de valor:


Mariña valora o 'Programa de Información e Apoio' que lle proporciona a súa asociación: axúdanlle cos trámites e oriéntana sobre recursos de utilidade para Lois.

4. E, por último, calculamos.

Ao obter o servizo a través da asociación, o seu custo é inferior; ademais, Mariña aforrou na reforma de accesibilidade do cuarto de baño grazas a unha subvención da que a informaron no Programa, e ten unha prestación por cuidados que lle permite traballar menos e estar máis descansada e de mellor humor para atender a Lois.

Preguntando a Mariña e a Lois, veremos que o impacto do Programa na súa vida é moi superior a 100 euros.

Que pode **multiplicar** eses 100 euros ata 5,5 veces.




VALOR SOCIAL DE MERCADO

A través da contabilidade tradicional obtemos o impacto económico xerado pola actividade de FEGADACE e das súas entidades. Coñecemos como Valor Social de Mercado.

3.199.547,27 €

POR CADA EURO MOBILIZADO POR FEGADACE E AS SÚAS ASOCIACIÓNS, DEVOLVEMOS Á SOCIEDADE 1,06 EUROS




VALOR SOCIAL ESPECÍFICO

Tomando en conta as variables que identificaron os nosos grupos de interese, teremos o Valor Social Específico. Este valor non ten reflexo ningún na contabilidade tradicional, e é un parámetro base da contabilidade social.

13.401.616,13 €



POR CADA EURO INVESTIDO EN FEGADACE E AS
SÚAS ASOCIACIÓNS, DEVOLVEMOS Á SOCIEDADE
4,41 EUROS



VALOR SOCIAL ESPECÍFICO - VARIABLES DE VALOR

Esta é relación de aspectos que as persoas que se relacionan con FEGADACE e as súas asociación valoran positivamente, e que se empregan para calcular o Valor Social Específico:


- Participación en foros especializados (congresos, xornadas...)
- Artigos e noticias en medios
- Incremento de socios/as
- Colaboración entre asociacións / redes (con asociacións federadas, a través do CERMI...)
- Facilitar o servizo en entidades afíns / colaboradoras
- Proxectos conxuntos (financiamento)
- Redución do custo directo de tratamento e rehabilitación do dano cerebral
- Redución do custo directo de residencia especializada en dano cerebral adquirido
- Campañas e produtos de sensibilización sobre o dano cerebral adquirido
- Xeración de coñecemento e estudos sobre o dano cerebral adquirido
- Incremento emprego estable
- Formación externa e interna
- Relacións coa Administración
- Actividades de lecer e socialización para socios usuarios
- Atención a usuarios e familiares (programa información e apoio)
- Servizo de rehabilitación propio
- Inclusión laboral
- Servizo de respiro
- Xeración de emprego especializado
- Traballo voluntariado
- Transporte (usuarios totais)




VALOR SOCIAL INTEGRADO



Se agora unimos o Valor Social de Mercado e o Valor Social Específico, obteremos o Valor Social Integrado.



POR CADA EURO QUE MOBILIZAN FEGADACE E AS SÚAS ASOCIACIÓNS, DEVOLVEMOS Á SOCIEDADE 5,47 EUROS, QUE SERÍA O RETORNO SOCIAL REAL DE FEGADACE E AS SÚAS ASOCIACIÓNS Á SOCIEDADE GALEGA.




VALOR EMOCIONAL

Ademais, calculamos o Valor Emocional da nosa actividade. Neste caso baseámonos nas enquisas de satisfacción que facemos aos grupos de interese.


9.439.098,60 €



POR CADA EURO QUE MOBILIZAMOS, DEVOLVEMOS Á SOCIEDADE 3,10 EUROS



VALOR SOCIO-EMOCIONAL



Por último, cos datos anteriores podemos extraer o Valor Socio-Emocional, que resulta de sumar o Valor Social de Mercado, o Valor Social Específico, e o Valor Emocional.





EVOLUCIÓN DE 2018 A 2020


Os datos corresponden á contabilidade social de FEGADACE do exercicio 2020. O cálculo anterior realizámolo en 2018, e nese momento o Valor Social Integrado era de 4,01 EUROS. É dicir, en dous anos conseguimos incrementar case 1,5 euros (1,46 €, exactamente) o rendemento social de cada euro que xestionamos na Federación e asociación de dano cerebral adquirido.



FONDOS PÚBLICOS


Se restrinximos o valor social aos ingresos procedentes das Administracións Públicas, o retorno social incrementábase ata 9,16 euros. É decir, que, por cada euro público recibido, FEGADACE e as súas asociacións xeran para a sociedade máis de 9 euros.

CONCEPTOS	ANO 2020
ORZAMENTO	3.038.258,38 €
RETORNO ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	901.259,98 €
VALOR SOCIAL INTEGRADO	16.601.163,40 €
RATIO RETORNO SOCIAL INTEGRADO <i>Con respecto á sociedade, en base á totalidade do orzamento</i>	5,47 €
RATIO RETORNO SOCIAL INTEGRADO <i>Con respecto á sociedade, en base ao orzamento procedente de financiamento público</i>	9,16 €



CONCLUSIÓNS

- Respondemos a unha demanda social en aumento, por parte dunha cidadanía cada vez máis concienciada con respecto á transparencia.
- Trátase dunha ferramenta útil para tomar decisións internas.
- Serve de carta de presentación a financiadores potenciais.
- Permite a posibilidade de xestionar novos indicadores para a xestión interna.
- Achega un maior grao de transparencia e rendición de contas de cara á sociedade ou calquera outro grupo de interese.
- É unha ferramenta comunicativa innovadora e versátil.
- Grazas á contabilidade social coñecemos o impacto social que xera FEGADACE no desenvolvemento da súa actividade.
- Con ela conseguiremos maximizar o impacto en Galicia da actividade de FEGADACE e as súas asociacións.





www.fegadace.org | fegadace@fegadace.org | 881 643 148

